

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009901	IES San Paio	Tui	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Filosofía	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A materia de filosofía é unha optativa no curso de 4º da ESO. Apreséntase como unha introdución panorámica á Filosofía e ás súas principais cuestións. Polo feito de ser unha materia que ten posibilidade dun desenvolvemento máis teórico e sistemático no 1º do Bacharelato, a aproximación metodolóxica visa ser práctica e interactiva, de xeito a espertar no alunado o interese pola reflexión racional e o debate crítico en torno aos grandes interrogantes da existencia humana.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso das mesmas, e o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, para xerar e transmitir xuízos e teses persoais, e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica.	1-2-3	1	1	1-3	4	3	3	
OBX2 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		3	2-3		1-3
OBX3 - Entender o carácter plural das diferentes concepcións, ideas e argumentos en relación aos problemas fundamentais da filosofía, mediante a análise crítica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden para comprender as principais e fundamentais teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores.	2-5					1-2-3		2
OBX4 - Comprender e analizar a personalidade humana, establecendo unha aproximación aos estudos da mente e da neurociencia, e vendo as implicacións da motivación, da afectividade e das emocións na súa conformación, a través da investigación e do diálogo entre a filosofía e a ciencia, para comprender e construír discursos sobre a reflexión filosófica acerca do ser humano ao longo da historia do pensamento.	1-2-3-5	1	2-5	1-2-5	3	1-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Coñecer e comprender os conceptos e estruturas básicos da cultura, a sociedade e a socialización reflexionando, en común, sobre a natureza cultural e social do ser humano, oralmente e por escrito, cunha actitude crítica, sendo empáticos, equitativos, mantendo un espírito construtivo e valorando o enriquecemento cultural que supón coñecer as aportacións culturais diversas.	1-2-3-5	3	5	3	3-4	1-2-3-4		1
OBX6 - Adquirir unha visión global da racionalidade humana como característica que nos distingue e nos permite situarnos e orientarnos no mundo, comprendendo e analizando as principais teses filosóficas sobre a capacidade que ten a racionalidade de fornecernos dun coñecemento axeitado do mundo, e valorando o ideal de verdade que perseguen as investigacións teóricas e sêrvelles de guía aos nosos afáns prácticos, para fortalecer no alumnado o espírito crítico e rigoroso á hora de analizar informacións, practicar o diálogo argumentado, e adoptar criterios ben fundados á hora de tomar decisións individuais e colectivas.	1-2		4		4-5		3	
OBX7 - Tomar conciencia da centralidade das preguntas metafísicas, ao apuntar directamente á cuestión radical do sentido último da realidade e do papel do ser humano dentro dela, reflexionando de maneira dialóxica e crítica sobre o carácter perenne das preguntas sobre o universo e a natureza, sobre a vida e a morte, sobre o individuo e a historia, e o carácter histórico coas que foron e seguen a ser contestadas, para que o alumnado aprecie, valore e se sinta partícipe do esforzo humano por tentar dar un sentido racional á totalidade que o rodea e á súa mesma existencia.	1					3		
OBX8 - Reflexionar e entender a liberdade humana e a súa relación coa vontade, incluíndo o seu tratamento ao longo da historia do pensamento e recoñecendo que está determinada desde varios niveis, para comprender que é condición da creatividade, tamén colaborativa, e para desenvolver desde esta última unha aproximación ao estudo sobre o que é a arte e a beleza.	1-2-5	1		1-2-3	3	1-3	1-3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que é a Filosofía?	Introdución á orixe, definición, métodos e marco histórico da Filosofía.	17	18	X		
2	Que (n) son eu?	Introdución ao ser humano e a súa identidade, incluíndo as súas diferentes facetas: mente, razón, cultura etc.	17	17	X		
3	Que sei eu?	Introdución aos problemas esenciais do coñecemento e a verdade.	17	18		X	
4	Para que estou aquí?	Introdución aos grandes problemas metafísicos e existenciais do ser humano: Deus, sentido da vida e da morte, cosmoloxías etc.	16	17		X	
5	Que hei de facer?	Introdución á filosofía práctica: fundamentos xerais da Ética e da Política, liberdade, xustiza, deber etc.	17	18			X
6	Por que me fascina isto?	Introdución á Estética e á arte: beleza, creatividade etc.	16	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que é a Filosofía?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos e recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica.	Recoñece e explica coas súas propias palabras as características xerais da Filosofía.	PE	40
CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.	Recoñece e explica coas súas propias palabras as orixes históricas da Filosofía occidental, así como diferencia a Filosofía doutras áreas da acción e o pensamento humanos.		
CA1.3 - Adquirir un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais correntes e concepcións da Filosofía occidental. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto histórico xeral.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza a lectura dos textos traballados na aula e procura a información pertinente en fontes adecuadas.	TI	60
CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realiza unha lectura constante do libro de lectura e segue os debates dados na aula sobre este, o cal aplica directamente na elaboración dun diario de lectura en que vai plasmando as súas impresións, reflexións e comentarios.		
CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa de xeito pertinente nos debates da aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. - A filosofía como saber crítico. - Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico. - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. - Breve síntese das grandes épocas da filosofías. - O papel da muller na cultura e na filosofía. - O pensamento galego.

UD	Título da UD	Duración
2	Que (n) son eu?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Achegar unha definición do que é a personalidade, incidindo naquilo que a herdanza xenética e o adquirido teñen que ver na formación desta, recoñecendo os diferentes tipos, e explicando as teses centrais dalgunhas das teorías que a estudaron.	Recoñece e explica coas súas propias palabras os elementos que inflúen na formación da personalidade.	PE	40
CA2.2 - Diferenciar e explicar, desde un punto de vista científico, en que consiste a filosofía da mente, a neurociencia e a neurofilosofía, sobre todo producindo traballos de investigación nos que se preste importancia ás TIC.	Recoñece e explica coas súas propias palabras os elementos que inflúen na mente e no seu estudo.		
CA2.3 - Identificar e recoñecer a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana, facendo que o alumnado poida diferenciar entre teorías cognitivas da motivación e teorías humanistas.	Recoñece e explica coas súas propias palabras os elementos que inflúen no funcionamento da motivación humana.		
CA2.5 - Expoñer a reflexión filosófica sobre o ser humano, analizando as posturas máis representativas de dita reflexión ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais concepcións do ser humano. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto xeral.		
CA3.1 - Comprender e apreciar dous elementos esenciais que constitúen ao ser humano, a natureza e a cultura, identificando o papel do biolóxico e do concepto de 'cultura' e os seus compoñentes, así como da diversidade cultural.	Recoñece e explica coas súas propias palabras o debate entre a natureza e a cultura respecto do estudo do ser humano. É capaz de identificalo en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto xeral.		
CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.	Recoñece e explica coas súas propias palabras os elementos que inflúen na relación dos individuos humanos co seu entorno social. Demostra unha actitude crítica ao respecto do efecto destas influencias nas condutas e crenzas morais, incluíndo as relativas ao xénero.		
CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.	Participa de xeito pertinente nos debates da aula ao redor destas cuestións.	TI	60
CA2.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza a lectura dos textos traballados na aula e procura a información pertinente en fontes adecuadas.		
CA2.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realiza unha lectura constante do libro de lectura e segue os debates dados na aula sobre este, o cal aplica directamente na elaboración dun diario de lectura en que vai plasmando as súas impresións, reflexións e comentarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa de xeito pertinente nos debates da aula ao redor destas cuestións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. - A personalidade. - Teorías e tipos de personalidade. - O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. - Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. - As emocións e a afectividade. - Natureza e cultura no ser humano. - O ser humano como ser social. - Elementos e axentes da socialización. - O proceso de socialización de xénero.

UD	Título da UD	Duración
3	Que sei eu?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.	Recoñece e explica coas súas propias palabras as características xerais da razón humana nos seus diferentes ámbitos de funcionamento, con especial atención a aqueles que teñen a ver co coñecemento.		
CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais correntes e concepcións sobre o coñecemento. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto histórico xeral.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais correntes e concepcións sobre a verdade. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto histórico xeral.		
CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza a lectura dos textos traballados na materia e procura a información pertinente en fontes adecuadas.		
CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realiza unha lectura e análise dun texto. É capaz de responder adecuadamente de xeito xeral a preguntas sobre o seu tema, ideas principais etc.	TI	60
CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes.	Participa de xeito pertinente nos debates da aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. - Teorías do coñecemento. - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. - A verdade. Características e valor da verdade. - Teorías da verdade.

UD	Título da UD	Duración
4	Para que estou aquí?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	Coñece a definición do termo "metafísica". Recoñece e explica coas súas propias palabras o papel desta disciplina dentro do conxunto da Filosofía e do pensamento humano.	PE	40
CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais correntes e concepcións metafísicas sobre a realidade. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto histórico xeral.		
CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais correntes e concepcións metafísicas sobre o sentido da existencia humana. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto histórico xeral.		
CA5.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Realiza a lectura dos textos traballados na materia e procura a información pertinente en fontes adecuadas.	TI	60
CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realiza unha lectura e análise dun texto. É capaz de responder adecuadamente de xeito xeral a preguntas sobre o seu tema, ideas principais etc.		
CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa de xeito pertinente nos debates da aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A metafísica e a pregunta polo ser das cousas. - Cosmoloxía e filosofía da natureza. - A natureza e o cosmos. Respostas ás preguntas pola orixe e a finalidade do cosmos. - Determinismo e indeterminismo físicos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sentido da existencia humana. - A vida e a morte como problemas metafísicos. - O lugar do ser humano no mundo. - O sentido da historia.

UD	Título da UD	Duración
5	Que hei de facer?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais correntes e concepcións sobre a aparición das comunidades políticas humanas e sobre a dimensión política da existencia humana. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto xeral.	PE	40
CA6.1 - Comprender, dentro do marco xeral da liberdade, que é o libre albedrío, ou a liberdade interior, en relación coa facultade da vontade, coa autonomía, e coa responsabilidade persoais, reflexionando ao mesmo tempo sobre a existencia do determinismo, e analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre.	Coñece a definición dos termos "liberdade", "libre arbitrio", "autonomía", "determinismo", "desexo" e "vontade". Recoñece e explica coas súas propias palabras o papel destes conceptos para comprender a cuestión da liberdade humana.		
CA6.2 - Recoñecer e ser quen de expoñer e de explicar diferentes posturas filosóficas sobre a liberdade da acción ao longo das diferentes épocas e momentos da historia do pensamento.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais correntes e concepcións sobre a liberdade humana. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto histórico xeral.		
CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Expón a súa posición por escrito e de xeito argumentado e infomrado a respecto dun tema.	TI	60
CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realiza a lectura dos textos traballados na materia e procura a información pertinente en fontes adecuadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa de xeito pertinente nos debates da aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade e estado. - Teorías sobre a orixe da sociedade. - Teorías sobre a formación do estado. - Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI. - A liberdade e o libre arbitrio: vontade, autonomía e responsabilidade. Posturas filosóficas sobre a liberdade de acción. - Determinismo e liberdade. - Liberdade e creatividade: a liberdade como condición da creatividade.

UD	Título da UD	Duración
6	Por que me fascina isto?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda a beleza, o proceso creativo e a produción artística.	Recoñece e explica coas súas propias palabras algunhas das principais correntes e concepcións estéticas. É capaz de identificalas en textos filosóficos, así como relacionar estes co seu contexto histórico xeral.		
CA6.4 - Valorar a liberdade como condición básica para a creatividade humana.	Recoñece e explica coas súas propias palabras os elementos que inflúen no funcionamento da liberdade humana dentro do ámbito da creación.	PE	40
CA6.5 - Entender a capacidade humana da creatividade como un proceso de innovación e de asunción de riscos, en relación coa imaxinación, estudando as fases do proceso creativo e as técnicas de desenvolvemento da creatividade, e apreciando a importancia da colaboración creativa.	Recoñece e explica coas súas propias palabras as características xerais do proceso artístico e estético, así como os conceptos fundamentais destes ámbitos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.	Expón a súa posición por escrito e de xeito argumentado e informado a respecto dun tema.		
CA6.7 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.	Realiza a lectura dos textos traballados na materia e procura a información pertinente en fontes adecuadas.	TI	60
CA6.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.	Participa de xeito pertinente nos debates da aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A arte e a procura da beleza. - A creatividade humana: imaxinación, innovación e asunción de riscos. - Técnicas e fases do proceso creativo. - Creación colaborativa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os contidos do curso están articulados a través dunha serie de preguntas xerais que servirán como liña para introducir as principais cuestións da Filosofía, ao tempo que para traballar no alumnado as competencias e ferramentas de traballo necesarias para este desenvolver pensamento autónomo, capacidade reflexiva e investigadora etc. O obxectivo do curso non é darnos resposta definitiva a estas preguntas, mais si entender a súa importancia e complexidade. Através do seu exame na clase e mediante distintas actividades e traballos, procúrase fomentar a actitude crítica, a capacidade investigadora e reflexiva, así como hábitos de lectura e debate racional. Dado o carácter optativo da materia, espérase un nivel constante de boa implicación por parte do alumnado nos contidos, actividades e debates traballados na aula. Procúrase que as clases sexan o máis interactivas posíbel. Para isto será necesario que o alumnado acuda a diario cos materiais da materia e coas tarefas feitas (lecturas, reflexións, preparación de debates), se así for indicado, de xeito a centrar as sesións lectivas no debate conxunto e noutras actividades de ensino-aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do profesor
Libro de lectura
Ordenador, proxector, son e conexión internet
Aula virtual da materia.

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos provistos polo profesor, así como os folios ou caderno para o alumnado escribir.

Será utilizado como libro de lectura durante a 1ª avaliación A utilidade do inútil. Manifesto, Nuccio Ordine, Kalandraka (Faktoría K de Libros, Pontevedra, 2019, trad. Carlos Acevedo

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo do curso será realizada unha pequena proba escrita que consistirá na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos niveis específicos e individuais do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	16	17	16	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

Cada avaliación a nota media será o resultado de sumar os seguintes ítems:

- Traballo(s): 50%
- Proba escrita: 40%
- Actividade na aula: 10%

A nota media final do curso será a nota media das notas medias de cada unha das tres avaliacións.

En todas as probas e traballos será tida en conta a imprescindible corrección ortográfica, gramatical e de redacción. Tales erros lingüísticos e de forma que non afecten de xeito significativo a comprensión da tarefa realizada

poderán ter un desconto asociado de até o 20% da súa cualificación.

Copiar anulará o exame ou traballo, correspondéndolle a cualificación de 0 puntos. Falar durante un exame sen autorización restará ata o vinte por cento do valor total da proba. Non presentarse a un exame ou proba suporá un cero na nota dese exame, salvedade feita do caso en que for presentado un xustificante médico de cita ou indisposición grave ou proba semellante dun deber inescusábel (non será xustificación suficiente, logo, unha simple nota asinada polos tutores legais).

A cualificación consignada nas avaliacións trimestrais, así como a do final do curso, serán o resultado de redondear a nota media á unidade máis próxima. Por tanto, as notas medias con decimais inferiores a 0,50 serán aproximadas á unidade inferior (6,49 redondea a 6), encanto os decimais de 0,50 para cima serán aproximados á unidade superior (6,5 redondea a 7).

Para obter o nivel de suficiencia mínima (5 puntos, suficiente), tanto nas avaliacións trimestrais, canto na avaliación final, será preciso cumprir os seguintes requerimentos:

- Entregar todos os traballos indicados en tempo e forma, quer na primeira data indicada, quer como recuperación. Obter un mínimo de 2,5 puntos sobre o total de 10 na media dos traballos.
- Realizar todas as probas escritas, quer na primeira vez indicada, quer como recuperación. Obter un mínimo de 2,5 puntos sobre o total de 10 na media das probas escritas.

En caso de non seren cumpridos ambos estes requerimentos, a cualificación máxima será de 4 puntos.

Criterios de recuperación:

Se se obtiver unha cualificación insuficiente (menos de 5 puntos) nalgún dos traballos ou probas escritas, existirá a posibilidade de optar á recuperación. O profesor indicará unha nova data de entrega dos traballos ou unha nova data para a realización dunha nova proba escrita.

En todas as probas e traballos será tida en conta a imprescindible corrección ortográfica, gramatical e de redacción. Tales erros lingüísticos e de forma que non afecten de xeito significativo a comprensión da tarefa realizada poderán ter un desconto asociado de até o 20% da súa cualificación.

Copiar anulará o exame ou traballo, correspondéndolle a cualificación de 0 puntos. Falar durante un exame sen autorización restará ata o vinte por cento do valor total da proba. Non presentarse a un exame ou proba suporá un cero na nota dese exame, salvedade feita do caso en que for presentado un xustificante médico de cita ou indisposición grave ou proba semellante dun deber inescusábel (non será xustificación suficiente, logo, unha simple nota asinada polos tutores legais).

A cualificación consignada na avaliación extraordinaria serán o resultado de redondear a nota obtida no exame á unidade máis próxima. Por tanto, as notas medias con decimais inferiores a 0,50 serán aproximadas á unidade inferior (6,49 redondea a 6), encanto os decimais de 0,50 para cima serán aproximados á unidade superior (6,5 redondea a 7).

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorenzo o acceso aos recursoe e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas,

dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificaíon organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que ai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de Filosofía é un instrumentos chave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao promover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se vén especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade. A educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave. A filosofía fundaméntase en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Serán fomentadas a igualdade de xénero, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Será promovida a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Serán a evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos machistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíada Filosófica	Posibilidade de presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica	X		
Día Mundial da Filosofía	Actividades destinadas a conmemorar no centro o Día Mundial da Filosofía en novembro.	X		
Presentación de libros	Ao longo do curso, procurarase contactar con autoras e autores de libros con temáticas relacionadas cos contidos do curso.		X	X

Observacións:

O departamento de Filosofía propón estas actividades como posibilidade, considerando a programación un instrumento aberto que permite adxuntar outras no futuro, que serán recollidas nas actas das reunións correspondentes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
Metodoloxía empregada
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados
Medidas de atención á diversidade
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Clima de traballo na aula
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación poñerase en coñecemento na reunión do departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Será feito un seguimento regular da programación didáctica, co obxectivo de levar un control adecuado do desenvolvemento das unidades didácticas e así poder realizar as modificacións acaídas no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos serán realizados por cada docente de xeito individual e serán postos en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase especialmente en conta:

1. Se as sesións e calendarización previstas por UD foron as suficiente..
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.

3. Propostas de mellora.
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados